



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Agosto 2017**

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Agosto 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un aumento do 7,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 1,2 puntos superior ao do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,2%, 1,4 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 7,3% e os Outros servizos o 6,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,6% e en España un 2,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de agosto. Galicia é a sexta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sétima comunidade co menor incremento do emprego.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un crecemento do 7,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 1,2 puntos máis que no mes de xullo. O índice para España amosa un aumento do 6,2% respecto ao mes de agosto de 2016, 1,4 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 7,3% e achega 5,9 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,0% e achegan 1,1 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 6,3%, 1,0 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 6,0%, coincidindo co crecemento galego.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 8,3% e achega 4,9 puntos a taxa de variación do índice xeral. O *Comercio polo miúdo* aumenta o 4,7% e achega 0,9 puntos a taxa de variación interanual. A *Venta e reparación de vehículos* aumenta un 3,6% a súa facturación co que achega 0,1 puntos a taxa interanual.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 2,4 puntos, cun crecemento do 6,8%; o *Comercio polo miúdo* aumenta o 3,7% e a *Venta e reparación de vehículos* 12,6%, co que achegan 0,8 puntos cada un a taxa xeral.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,0%; o sector que máis contribúe a este incremento é a *Hostalería*, cunha taxa do 12,5%.

En España, os *Outros servizos* tamén aumentan o 6,0%, sendo o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* os sectores que máis repercuten neste crecemento, 0,7 e 0,6 puntos cada un, con taxas do 7,0% e 9,5% respectivamente.

No que vai do ano, o índice de cifra de negocios crece un 8,9% en Galicia e un 6,6% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 13,8% e 8,0% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 5,4%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 8,0% no mes de agosto. Este incremento débese principalmente á *Hostalería*, que aumenta un 12,7% e achega 3,7 puntos e o *Comercio*, que crece o 6,7% e achega 2,6 puntos á taxa de variación do índice xeral. Ademais, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* rexistran un incremento do 7,5% e o *Transporte* aumenta o 5,5%.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 7,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 8,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de agosto en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Navarra (11,5%) e Comunitat Valenciana e Castilla – La Mancha (ambas as dúas 9,7%). As comunidades con menores crecementos son Extremadura (1,2%), Castilla y León (1,6%) e Illes Balears (1,9%).

No que vai de ano, Navarra (10,3%) e Galicia (8,9%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (3,5%) e Extremadura (3,8%) amosan os menores crecementos.

## Índices de cifra de negocios. Agosto 2017


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,6% respecto ao mes de agosto de 2016, unha décimas máis que en España (2,5%).



O persoal ocupado aumenta un 2,2% no *Comercio* e un 3,0% nos *Outros servizos*. Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* e o *Comercio polo miúdo* achegan cinco décimas cada un a taxa de variación do índice xeral, con incrementos do 3,9% e 1,9% respectivamente. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,0%).

Nos *Outros servizos* destaca o incremento do 7,6% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* e do 3,3% na *Hostalería*, co que achegan 1,0 e 0,5 puntos respectivamente a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, diminúe un 0,7% o persoal ocupado no *Transporte*.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,3%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,2% e en España o 2,6%. O *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores crecementos, tanto en Galicia como en España.

## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de agosto. Os maiores incrementos danse en Navarra e La Rioja (ambas as dúas 4,4%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Extremadura (1,1%) e Andalucía (1,7%).

### Índices de persoal ocupado. Agosto 2017

#### Taxas de variación en %



No acumulado no ano, os maiores crecementos danse en Murcia (4,9%) e Illes Balears (4,1%) mentres que en Andalucía (1,4%) e Asturias e País Vasco (ambas as dúas 2,0%) rexístranse as taxas máis baixas.

### **Notas metodolóxicas**

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>128,8</b>	<b>7,0</b>	<b>8,9</b>
<b>Comercio</b>	<b>133,7</b>	<b>7,3</b>	<b>10,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	88,4	3,6	-5,4
Comercio por xunto	156,0	8,3	13,8
Comercio ao retalho	104,4	4,7	5,4
<b>Outros servizos</b>	<b>112,2</b>	<b>6,0</b>	<b>4,5</b>
Transporte	108,1	1,3	1,4
Hostalería	161,7	12,5	8,5
Información e comunicacións	84,9	4,3	3,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	76,2	7,4	6,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	147,0	7,2	7,3
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>102,3</b>	<b>6,2</b>	<b>6,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>99,0</b>	<b>6,3</b>	<b>6,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	97,4	12,6	9,4
Comercio por xunto	99,9	6,8	8,0
Comercio ao retalho	97,4	3,7	3,7
<b>Outros servizos</b>	<b>108,2</b>	<b>6,0</b>	<b>6,2</b>
Transporte	113,6	7,0	6,4
Hostalería	150,4	4,1	5,5
Información e comunicacións	87,8	4,9	3,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	80,0	9,5	9,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	130,5	5,0	6,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	129,3	8,0	7,9
Comercio	126,3	6,7	9,6
Transporte	122,9	5,5	5,5
Hostalería	165,0	12,7	8,7
Información e comunicacións	83,9	4,7	4,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	92,1	7,5	6,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	127,6	4,3	6,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Agosto 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>102,3</b>	<b>6,2</b>	<b>6,6</b>
Andalucía	99,1	2,4	4,7
Aragón	101,1	3,8	4,4
Asturias	100,8	3,4	4,4
Baleares, Illes	179,8	1,9	5,4
Canarias	120,2	2,4	4,6
Cantabria	118,5	5,6	5,9
Castilla y León	103,1	1,6	3,5
Castilla-La Mancha	103,7	9,7	8,7
Cataluña	101,0	8,9	6,5
Comunitat Valenciana	106,6	9,7	7,1
Extremadura	106,0	1,2	3,8
<b>GALICIA</b>	<b>128,8</b>	<b>7,0</b>	<b>8,9</b>
Madrid	90,9	7,1	8,4
Murcia	105,1	4,4	4,7
Navarra	102,9	11,5	10,3
País Vasco	86,6	4,8	4,2
Rioja, La	115,4	5,6	6,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>101,8</b>	<b>2,6</b>	<b>2,2</b>
<b>Comercio</b>	<b>97,6</b>	<b>2,2</b>	<b>2,1</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	84,9	-1,0	-0,5
Comercio por xunto	94,8	3,9	3,5
Comercio ao retalho	101,7	1,9	1,7
<b>Outros servizos</b>	<b>105,4</b>	<b>3,0</b>	<b>2,3</b>
Transporte	97,4	-0,7	1,1
Hostalería	105,1	3,3	2,8
Información e comunicacións	89,4	1,8	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,9	1,5	0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,0	7,6	4,7
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>104,2</b>	<b>2,5</b>	<b>2,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>101,3</b>	<b>2,2</b>	<b>2,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	94,1	2,2	2,2
Comercio por xunto	102,8	3,2	2,9
Comercio ao retalho	101,7	1,7	1,9
<b>Outros servizos</b>	<b>106,2</b>	<b>2,7</b>	<b>2,8</b>
Transporte	101,5	2,9	2,7
Hostalería	111,6	2,1	2,6
Información e comunicacións	99,4	2,3	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,1	1,8	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,5	4,3	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Agosto 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>104,2</b>	<b>2,5</b>	<b>2,6</b>
Andalucía	101,2	1,7	1,4
Aragón	103,4	3,7	2,9
Asturias	97,6	2,7	2,0
Baleares, Illes	133,9	3,1	4,1
Canarias	105,6	2,2	3,2
Cantabria	109,6	3,4	3,8
Castilla y León	99,8	2,9	2,1
Castilla-La Mancha	103,7	3,3	2,4
Cataluña	109,4	3,1	3,2
Comunitat Valenciana	101,2	1,9	2,6
Extremadura	107,0	1,1	2,9
<b>GALICIA</b>	<b>101,8</b>	<b>2,6</b>	<b>2,2</b>
Madrid	100,0	2,1	2,2
Murcia	109,1	3,8	4,9
Navarra	109,0	4,4	3,9
País Vasco	104,6	2,4	2,0
Rioja, La	110,0	4,4	3,6

Fonte: INE